


Nano Cambeiro, na despedida.

En agosto do ano pasado deixou o Val Miñor e ós seus amigos o periodista, escritor e conversador Nano Cambeiro. Chegou ás terras miñoranas e moi pronto empezou a deixar semente de amizade. A súa integración foi tal que non dubidou en levar adiante un proxecto tan complexo como a edición dun xornal dedicado ó Val Miñor.

"O Miñor" nace da man e do esforzo dun home da Fisterra. Levábamos moitísimos anos sen prensa local e só alguén con tanta tenacidade e convencemento de que as boas ideas teñen sempre que levar a boas fins podía tentar un proxecto cultural tan significativo.

En outubro de 1997, nun debate celebrado no Casino de Sabarís, deixaría unha visión pesimista da comunicación: *"Na nosa experiencia de prensa escrita local, temos que admitir as dificultades que atopamos para crear este tipo de medios de comunicación. Somos empresas pequenas, con dificultades económicas e o problema engadido de que ó nos dirixir a un mercado restrinxido inténtase por parte das administracións ignorarnos nun primeiro momento, para logo, se conseguimos unha certa presenza, bater en nós de maneira que desaparecamos ou despois achegarnos ás ideas dos grupos dominantes nas administracións locais. Iso ocorre no Val Miñor"*.

"O Miñor" e Nano tiveron que sufrir as presións políticas; foi aquí onde a integridade de Nano



Nano Cambeiro, sempre rodeado de amigos

e do seu xornal quedou reflectida no pulso que lle botou a algún político totalitario que tratou de impedir a saída dunha publicación neutral e progresista. Por suposto foi Cambeiro o que saíu victorioso, triunfo baseado na actuación baixo uns principios innatos.

Falar, conversar unha e outra vez diante dun café no Brasilia do seu amigo Félix na Ramallosa, ou tomando un viño no vello Golfinho Azul, con Viqueira ou co ferreiro de Sabarís. Proxectos, iniciativas, ilusión, sempre ilusión, que ás veces algúns considerábase utopía.

En maio de 1995 Nano fai a súa declaración de intencións no Editorial do número 1 do seu xornal "O Miñor", e reflecte perfectamente o Nano que todos coñecíamos:

"O Miñor de cada casa. Baixo este nome nace hoxe un novo medio de comunicación.

Absolutamente modesto, pero con ganas de ser vehículo das inxedanzas de tódolos miñoranos, quere estar en tódalas casas como un membro máis de cada familia, de aí o seu nome.

Pretende ser de todos e para todos, sen facer exclusións de caste ningunha. Desexa contribuír a darlle prestixio a esta terra, axudar, dende a súa pequenez, a mellorar a calidade de vida daqueles que formamos o tecido social do Val Miñor.

*Absolutamente respectuoso con tódalas ideas e con tódalas persoas, estará sempre a disposición dos miñoranos. Somos **O Miñor** de cada casa, esperámolo ser por moito tempo coa axuda de tódolos miñoranos e aspiramos a ser tamén **o mellor** de cada casa".*

Anos máis tarde diría: *"A experiencia do Miñor é moi positiva. Comezamos cunha extrema modestia canto a medios; seguimos sendo moi modestos, pero houbo xa un apoio maior do esperado".*

E así foi transcorrendo a vida de Nano, entre Gondomar, Nigrán (sobre todo A Ramallosa onde estaba a Redacción) e Baiona, entre o seu xornal "O Miñor", a súa multitude de amigos, entre Cali e Moncha, entre soños, entre utopías, entre realidades.

O pasado verán a grave enfermidade xa ameazaba, de maneira inxusta e irrevogable, e chegou o día fatal. Nano deixou o Miñor.

En setembro de 2001 un grupo de amigos xuntáronse ó redor da mesa do programa cultural do Instituto de Estudos Miñoranos, do que era membro fundador, "A gavela do Guillade" en Onda Cero Val Miñor. Todo foron gabanzas, bágoas e sentimentos encontrados.

O seu amigo Xosé M. Brea Feijóo falou da súa *"extraordinaria habilidade para xuntar vontades individuais e ideas dispersas conducíndoas a boa fin. O transixente ollar falaba da grande capacidade conciliadora e as lucentes meniñas reflectían soños e utopías. Impulsor sociocultural nun Val de acollida, confirmaches unha vez máis o dito popular "o importante non é o lugar no que se viva, senón que o lugar viva nun". Deixaches proxectos dignos de ser retomados"*.

Carlos Méixome, bo amigo e director do Instituto de Estudos Miñoranos, tamén lembrou a Nano: "Foi contigo cun dos primeiros que falei da necesidade dunha entidade cultural que mesturase divulgación e investigación. Lembro que, coma sempre, a túa resposta entusiasta foi "eso hai que facelo". Pasaron os meses, tomamos máis "cafeses" e aquilo foi madurecendo".

Tampouco faltou Xosé Alfredo Pereira, Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes: "Daquela, Nano, convertécheche nun entusiasta colaborador do quefacer diario e dos proxectos das comunidades de montes do Val Miñor... Proxectos e feitos nos que se nós, os veciños comuneiros, puñamos moita ilusión, ti non puñas menos".

O compañeiro de fatigas no xornal "O Miñor", Iago Martínez, dedicou tamén as súas verbas a

Nano: "Esta profesión esixe tomar posición na balanza que se disputan gobernantes e gobernados, e confire tamén a capacidade de facer existir ou silenciar este ou aquel acontecemento, estes ou aqueles intereses. Hainos que escollen o beneficio rápido e tamén efémero, pero afortunadamente hai quen prefire a gloria cotiá do recoñecemento do igual. "O Miñor", aquela cabeceira ilusionante que Nano Cambeiro dirixiu, viña a traballar precisamente nesta dirección".

Moitos outros participaron nesta final homenaxe: Marta Dacosta, M^a Antonia Iglesias, Lorenzo Pousa, Aniceto Charro, Lino Pellitero, Xosé Alfredo Pereira, M^a Xosé González, Juan A. González, Carlos Punzón, Manolo Rial, Xosé M. Brea Feijóo, Carlos Méixome, Manolo Lado, Carlos de la Peña, Iago Martínez, Serafín Villanueva, Xulio Ríos, José Luis Mosquera ou Antonio Araújo. Todos eles, xuntos, representaban todos os sectores do Val Miñor, a cultura, a política, os empresarios, as Asociacións de Veciños, de Montes...

Ninguén no Val Miñor vai esquecer a Nano Cambeiro, natural e veciño do Val Miñor. Un amigo.

Juan A. González

Era o último día de agosto cando un puñal de xeo paralizou o noso corazón: unha temperá chamada telefónica anunciábanos que Nano Cambeiro decidira partir para sempre deste Val, o Miñor, que fora a súa principal razón de existir dende que resolvera instalarse entre nós.

Era un dos principais impulsores do Instituto de Estudos Miñoranos. Con el compartimos moitas horas, múltiples proxectos que, concibidos dende o IEM, saíron á luz pública, ao encontro dos miñoranos durante este último ano.

Pero a figura de Nano Cambeiro ten unha dimensión transversal; sempre aparecía para artellar canta iniciativa xurdira no Val Miñor e que tivera unha certa continuidade de futuro. Por isto, neste programa especial de "A gavela do Guillade", imos apagar as nosas voces habituais da cultura para derternos nunha visión máis humana, no pouso que Nano nos deixa. Non estamos sós, estamos rodeados de amigos de Nano, xentes do Val Miñor e de fóra del. É máis, nin sequera podemos acoller a todos os que querían estar presentes, e ben que o lamentamos.

Lino Pellitero

A miña relación con Nano Cambeiro remóntase á nosa común adolescencia na nosa terra natal de Brens en Cee, compartindo camiñadas polo mítico monte do Pindo coa súa mochila, a pipa e o té con limón, cando aínda non sabíamos o que era o sendeirismo; compartindo actividades culturais no Teleclub Airiños da Ría de Brens, impulsando unha cultura alternativa á oficial; compartindo militancia política no Partido Socialista de Galicia do final da dictadura e comezos da democracia; compartindo o noso progresismo e o compromiso social nas loitas dos veciños, compromiso que nunca abandonou a pesar da súa actitude crítica coas organizacións políticas; compartindo reunións para a formación do Sindicato Agrario; compartindo información para revistas pro-

gres do momento ou compartindo as romarías e festas populares.

Lembro a ese Nano Cambeiro inqueda lendo ós filósofos orientais, amante do pacifismo, sempre crítico, idealista, irónico, nada acomodaticio e ás veces pouco práctico. Nunca se adaptou a un traballo convencional e xa, neses anos difíciles de adolescencia, se facía querer e por iso que nunca lle faltaron amigos, precisamente nestes días fixéronlle unha homenaxe en Mondoñedo.

Logo de anos de busca iniciando estudos de Náutica e Filosofía atopouse como correspondente de *La Voz de Galicia* en Cee e aquilo enganhouno no periodismo para sempre. É esta unha actividade que require o contacto social que necesitaba, coñecer xente, coñecer experiencias.

Anos máis tarde reencontro ao amigo de sempre por terras do Val Miñor, cheo de proxectos máis ou menos realistas pero necesarios, disposto sempre a botar unha man sen pedir nada a cambio, solidario e desinteresado, e non é un tópico, os que o coñeciades sabédelo ben.

Como veciño, porta con porta, intachable. Como amigo, non deixou nunca de amosar o seu afecto.

Nano Cambeiro. Amigo sempre.

Manolo Lado

Hai pouco máis de dous meses reflexionaba con Nano Cambeiro acerca da morte, a sensación que deixa ós amigos, a incompreensión que produce por onde pasa, a estrañeza de referirse a alguén para sempre en pasado.

E é que ós dous acabábasenos de morrer un amigo, Javier Prado, cuxa desaparición turbou, entristeceu e feriu a ambos. Véxome agora nas mesmas que hai dous meses, cas mesmas preguntas, cos mesmos lamentos, pero agora sen Nano.

Xa non poderemos ter ese xantar planeado. Agora, sen crer, agora sen Nano, é cando máis costa crer que despois do suspiro final non hai unha segunda parte. Créoo porque Nano é deses amigos ós que sempre voltas a ver, dos que sempre volven a aparecer.

Os camiños que ambos seguimos tomaron ángulos moi diferentes despois de traballar xuntos, pero, co tempo, sempre volvían a encontrarme con Nano, co seu compromiso, ca súa vontade, cos seus proxectos. Por iso xa non podo asegurar que os suspiros terreaís sexan os únicos que acompañan o noso devir, se hai algo despois atopareime con Nano, seguro, sempre foi así e con el estarei.

Carlos Punzón

Para min hai dous trazos en Nano que coido o definen e marcan: a súa personalidade dunha banda, a humanidade, e doutra, a profesionalidade. El foi quen de establecer un nexo fluído e operativo, cousa sempre difícil, entre ámbalas dúas cualidades.

En primeiro lugar era capaz de ser amigo, sempre cordial, sempre disposto, creador de conversa, con lucidez suficiente para pasar con pés de la sobre a adversidade e sobre as miserias do presente,

tanto individuais como colectivas, propias ou alleas, sempre capaz de imaxinar proxectos e iniciativas comprometidas cos demais, de servizo ós demais. Era unha persoa esencialmente xenerosa.

Probablemente esa humanidade, esa xenerosidade, explica tamén no seu ámbito profesional a súa paixón pola entrevista e por todo o que tiña que ver co xénero local; e digo esto non con sentido limitador, pois comprendía, por exemplo, o tipo de traballo que facemos no IGADI, e favoreceu sempre a súa difusión. Pero sempre imperaba nel o valor da proximidade.

Sempre disposto a darlle a volta a aquela frase do cáustico Chesterton, cando afirmaba a conta do periodismo que consistía en gran parte en dicir "Lord John morreu", e a xente non tiña nin idea de que Lord John existía.

Pois ben, Nano, con esa familiaridade, con ese interese insaciable para facer emerxer identidades e problemas, por descubrir este mundo local tantas veces ignorado polos máis próximos, desnortaba a Chesterton e facíanos existir un pouco a todos, para todos.

Xulio Ríos

Amoréanseme as imaxes e os sentimentos, Nano, agora que quero escribir neste folio en branco, ¡que medo me deron sempre os folios en branco!, a miña memoria de ti. E o primeiro que lembro vivamente é que todo comezou como ao final, polo teu sorriso, pola túa mirada, pola túa cálida voz que me fixeron intuírte como xente de ben, xente de paz interior, de equilibrio e bondade.

Eu era unha persoa de Madrid que buscaba, como sempre, o descanso do verán na beleza do teu Val Miñor e que, agora confésecho, estaba de volta de case todo. Ti non, ti crías en todo, en todos, eras a expresión máis conmovedora e auténtica da esperanza nas ideas, na xustiza, na solidariedade, na liberdade.

Palabras grandes e valeiras tantas veces que na túa boca, pero sobre todo na túa vida, tiñan unha dimensión real e concreta, pegadas á raíz dos problemas máis próximos.

Creador de soños, soñador de realidades fermosas, infatigable loitador polas causas máis difíciles. ¡Que rara capacidade a túa para poñer o dedo na chaga!, ¡que batalla tan grande e tan heroica librabas cada día contra a apatía e o individualismo que nos come aos galegos e manteñen na prostración á nosa terra!

Cando nos dixemos adeus a primeira vez, despois de ter compartido unhas cantas ceas e algunhas charlas, lembro que sentín a túa calor e o meu desasosego; pensei, ¡ben o sabe Deus! que te fías quedar nun amigo de verán, como ocorre tantas veces cando alguén coñece a alguén nun lugar de paso.

Para a miña sorte e a miña alegría non foi así. Seguímonos chamando durante aquel primeiro inverno da nosa amizade e eu lembro que me soaba a túa voz tan próxima e acollidora como o foran as nosas charlas de verán e que cada vez que a miña filla, Ana, quen tanto te quixo, me anunciaba a túa chamada, eu corría ao teléfono.

- Home, Nano, ¿que tal che vai a vida?

- Pois a vida ben, non me queixo. Mira, teño un proxecto, a ver que che parece...

E falabamos, falabamos, que charlar contigo era para min algo pracenteiro e alentador. Ao colgar o teléfono sentía no meu ánimo o teu alento e o meu oficio de periodista enfastiada e escéptica volvía a ter sentido, como cando empezaba a traballar e a crer en todas as cousas, nas que criches toda a túa vida ata a última noite, na que falamos por teléfono antes de entrar no quirófano. Dicíasmes aquela noite da nosa derradeira charla:

- A ver se me poño ben e facemos unha "ceña" e arraxamos o mundo e parte do estranxeiro.

Sentín que tiñas medo e preguntábame interiormente por que e matinaba no menú daquela cea, como ía ser, dicíamos os dous á volta duns días.

Despois viñeron outros veráns e medroume a fraternidade e as sintonías do corazón e do espírito e a calor da túa amizade, das túas firmes conviccións, da túa coherencia sen trampas; fóronse derretendo as cunchas do meu escepticismo de volta da vida e das cousas.

Reviviches en min a chama do idealismo, convencíchesme de novo de que merece a pena loitar aínda por todas as causas que afrontan a todos os parias da terra e agora, cada vez que denuncio a afronta que sofren os inmigrantes, por exemplo, lembro aquelas reflexións e aquelas charlas.

Hoxe quero que saibas que a miña nova rebeldía dos 56 anos a ti cha debo. A vida, pois non me podo queixar. Esta foi a túa lección máis fermosa, a túa herdanza máis prezada, a serenidade e a paz coa que afrontabas a vida, tan dura e tan difícil nos últimos anos. A maldita febre, aquel terrible accidente, a túa debilidade extrema que nos angustiaba a todos os que te queríamos.

Cada ano víate loitar pola vida, contra a túa morte, co único antídoto que coñecías, a esperanza, a paz interior, aquela conformidade mansa que me desconcertaba, que me enfrontaba sen resposta ao misterio da túa bondade, que era a verdadeira natureza da túa alma fermosa.

Cada ano foi medrando a miña admiración e o meu respecto pola túa vida, igual que agora; cada día sinto a túa morte non como unha perda, senón como unha carencia que me fai dano cada vez que o penso. Como di a miña filla Ana, "eu tamén quería terte querido máis".

Nano, amigo, Deus te garde. Non sei en que mirada, en cal verdade, poderei apoiar as túas verdades que xa son as miñas; tentarei buscar a luz na luz do teu Val Miñor.

Mª Antonia Iglesias

Os nosos ollos choran por non verte máis, pero o noso corazón latexa máis forte que nunca porque ahí te adentraches para sempre, para nunca abandonalo, para axudarnos a ver a beleza dende ti. Quizais nos amabas tanto que criches necesario repartirte deste xeito. Agora o teu corazón latexa na túa filla, na túa muller e en todos os teus amigos, entre os que me encontro, case sen darme de conta convertéchesme na túa amiga. Regaláchesnos a túa vida. Nano, quémoste con toda a

ialma, gracias por ser parte de nós; respiramos por ti e ti latexarás por nosoutros, dende o noso corazón, para sempre, ahí quixeches ir. Sei que me escoitas, como sempre o fixeches, e agora dende tan adentro.... que máis que unha perda parece outro dos teus regalos.

Ana González Iglesias

Había días nos que me buscaba polos despachos do concello, asomaba o seu aire bohemio pola porta e sen traspasala espetábame "Anda, deixa o que estás a facer e paga un viño". Xa baixando as escaleiras e de camiño á cafetería Venecia atiborrábame con todos os proxectos culturais que a súa fértil imaxinación parira nos últimos días. Nos escasos metros que nos separaban do bar representaba o primeiro acto "podes pór a mostra colgante do meu amigo Xosé Guillermo na alameda de Gondomar; por certo, que che parece se facemos uns concertos de música clásica no auditorio. ¡Non te asustes home, é unha cousa pequena!"

Semella que hoxe non toca falar da contaminación da fábrica Carburos Metálicos de Cee, a súa terra. Nin das miñas vivencias como profesor en Carnota, tan pegadas a unha á outra. Unha vez dentro, Rioxa na man, o condenado non paraba e mesmo recriminábame que non lle mirase mentres falaba, que non lle puxese atención... e seguía "Non te preocupes, o de Xosé Guillermo arránxocho eu, non tes que pór moitos cartos e vas quedar ben".

Teño que admitir que era un dos animadores da actividade cultural de Gondomar; a súa constancia contribuíu a cultivar o pensamento e a desprazar as pantasma da preguiza, que por momentos chegaron a invadirme.

Todo programa esgotado era reciclado pola súa fantasía, estar ao seu lado era compartir un constante exercicio de imaxinación, con abondosas doses de utopía, de proxectos case sempre inacabados... e esa era a súa grandeza. Todo isto aliñado cunha filosofía libre, moi libre... eu diría que ata libertaria.

Un día comenteille o interesante que sería para el e para o Concello que se presentase á praza de coordinador cultural. Co teu currículo e a túa experiencia seríanos moi útil, comenteille. "Se teño que cumprir un horario non me interesa" argumentou, pasando de seguida a contarme a súa enésima tentativa editorial.

Ao final, coido que a súa compañía e a súa conversa era merecente de ser cotizada, aínda que el se conformaba con pouco, con moi pouco. "Mosquera ¿por que non quedamos o sábado e tomamos uns callos en Castrelos?".

José Luís Mosquera

Eu lembro a Nano como a unha persoa singular, alguén cunha intelixencia moi esperta e cunha vocación de participación no social, un utópico con ideas innovadoras que desafortunadamente non tiveron demasiado eco na sociedade miñorana. Sen embargo, unha persoa integrada na comarca, interesada en colaborar con todo o que contribuíse a tomar conciencia do social... nunha palabra alguén dialogante e que non foi quen de gardar rancor, mesmo daque-

las persoas que dun ou doutro xeito pretenderon silenciar a voz discordante que denunciaba as súas conductas antidemocráticas.

A perda de alguén destas características nunha idade tan precoz prodúceme unha sensación de certa frustración. Algo así como unha planta que murcha denantes de producir o seu froito.

Quero transmitirle a súa muller Moncha e a súa filla Cali o apoio e o valor para afrontar esta nova situación sen a súa presenza física, mais coas súas lembranzas que seguirán vivas para todos.

Manuel Rial

Coñecín a Nano na sala de redacción daquel, por entón, *Diario de Galicia*. El traballaba alí e eu acudía de cando en vez a levar unha pequena colaboración no eido da opinión. Dende entón falei moitas veces con el. Vino dende o primeiro momento moi comprometido coa problemática do Val Miñor, coa problemática destas terras exóticas nas que desde hai anos a pesca foi a menos e deixaran de traballarse os campos e non existía, nin existe, o que podería chamar o sector industrial.

Pero a pesar diso, as ínfulas de progreso e modernidade tocaban por aqueles anos a crista da onda. Ínfulas motivadas polo “apoxeo turístico”, cando no fondo todos sabemos que o sector turístico forma parte, na maioría dos casos, como complemento, das outras actividades económicas. O turismo levaba daquela a sona, pero no fondo quen aportaba as ganancias era a construción, o sector inmobiliario, ou case poderíamos dicir a especulación urbanística que espertaba co gallo do turismo e se cargaba as terras, os campos e os medios de produción e riqueza, distraendo as mentes a negocios contantes e soantes e a diñeiro fácil a conta das propiedades da xente do común.

Xunto coa especulación urbanística formaban tamén parte da economía somerxida faenas, traballos na casa, ocupacións e empregos en bares, hoteis, comercios... Empregos de mozos e mozas en condicións moi precarias, sen contratos, por baixo do salario mínimo interprofesional e outras chapuzas, sobre todo no amplo mundo da construción. Así mesmo, comentaba Nano, o narcotráfico e o diñeiro negro xogaban unha parte importante naquel pequeno mundo de finais dos oitenta e dos primeiros anos noventa.

Dicía Nano que sen industrias, sen plataformas pesqueiras, sen agricultura e gandería, o Val Miñor non tiña moito camiño por diante. El, como traballador do mundo da comunicación, era consciente do papel que os medios de comunicación social tiñan que desempeñar nesta ou noutra bisbarra calquera. Xornalistas e escritores eran, daquela, tal vez aínda hoxe, estraños á propia temática social do Val Miñor. A prensa, a radio, a televisión tiñan e teñen que ser os primeiros en darse conta do noso pequeno mundo, dos moitos enganos, se de verdade queremos un día avistar síntomas de recuperación para calquera bisbarra.

Por iso el comprometeuse fundamentalmente co periodismo local e desenvolveuno ata a última hora.

Serafín Villanueva

Despedinme do Nano, ¡ata logo! dixemos unha mañá do mes de agosto no areal de Praia América. Unha imaxe esta insólita, a de Nano na praia; de Nano e Moncha, a súa compañeira. Cansado, consumido pola enfermidade, obrigábase Nano a pasear, a respirar o vento mariño, o vento norte que axudara ao traballo do seu fatigado corazón. Digo que era insólita esta imaxe de Nano en bañador, porque era home máis de café e tertulia, proxectista entusiasta de ideas propias ou alleas, ao redor dunha mesa, en espazos pechados, indiferente aos condicionantes meteorolóxicos do exterior.

Acontecía, amais, que o Nano nos derradeiros anos, dende aquel maldito accidente que o puxo na pendente fatal, semellaba buscar na compañía dos demais a calor e a enerxía que o seu feble corpo non lle podía proporcionar. Non lle faltaron amigos, nin compañeiros de travesías para as aventuras que, ata o final, alentou. En presenza de Nano, os proxectos, a ilusión por sacar adiante unha publicación, organizar un acto cultural, colaborar en tal ou cal evento... atopaban o catalizador preciso, entusiasta e aglutinador de vontades dispersas.

Nano Cambeiro na praia, con Moncha paseando, non era unha imaxe habitual, era unha excentricidade. Se cabe unha excentricidade dun calibre inmediatamente anterior ao da súa desaparición.

Luis Carlos de la Peña

Cheo de tristura pola túa ausencia que deixou no meu corazón un oco imposible de encher, envíchoe estas verbas para que, onde queira que esteas, saibas que para min eras esa persoa que encarnaba o amor ao ser humano e á natureza, a tolerancia; de todos aprendías e a todos respectabas; o rexeitamento a todo tipo de inxustiza, dictadura e pensamento absoluto e a valentía para combatelos; o culto dos verdadeiros valores, a autenticidade, a bondade, a cultura, a verdade. Eses que se venden tan mal nos tempos que corren e o desprezo a eses que están tan de moda: o protagonismo, o poder...

Preferías ser, e non figurar. Fuches quen de lembrarme que alá a onde non chegue a ciencia sempre debe chegar o amor. A túa amizade foi para min un precioso regalo, algo que me incitaba a ser mellor cada día e que me enchía de enerxía e ilusión.

O pintor Manuel Colmeiro, de quen gocei da súa amizade, díxome un día algo aparentemente sinxelo, pero cargado dunha grande sabedoría: "O mellor que lle pode pasar a un home é que sexa un bo home", e ti Nano eras un bo home. O noso admirado doutor Roberto Novoa Santos, abofé o mellor expoñente da menciña do século XX, e á par un grande humanista, dixo en palabras textuais: "*O consolo habrá vir do pensamento de que os seres queridos que fuxiron para sempre do noso carón, viven realmente en nós, viven no iconario da nosa memoria e alentan en todos os nosos actos, aínda cando non nos decatemos diso. Teñen deixado no noso ser tan profundas pegadas, tanto afecto, tanto corazón, tanto espírito... que eles continúan vivindo en nós*".

Nano, para os que te coñecemos e quixemos, ti es inmortal. Sempre vivirás en nós mentres vivamos.

Lorenzo Pousa

Vou falar un pouco de Nano. Coñecín a Nano hai un ano. A verdade é que foi un rapaz que me impresionou porque era ese tipo de galego da Costa da Morte de entrada moi seco, moi serio, pero despois tiña un corazón de ouro. Sobre todo o que máis me impresionou eran as ganas que tiña de facer cousas pola nosa terra. Por exemplo, no curso que fixemos no Monte Real de Baiona estaba tremendamente ilusionado. A verdade é que eu quedei trastocado co que aconteceu. Sinceramente era un bo home, un bo galego, eu coido que os homes coma el son os que van facer que Galicia saia adiante.

Aniceto Charro Salgado

A miña modesta contribución nesta homenaxe que “A gavela” lle rende a Nano quere incidir no seu compromiso co país.

Por todos é sabido a súa actitude comprometida co idioma. O seu emprego era nel un acto “normal”, aínda que ás veces se movese polo seu traballo nun contorno “anormal” para usalo, e a súa defensa e reivindicación provocábanlle sempre opinións entusiastas.

Pero non se conformaba soamente con empregalo e defendelo, que xa é mérito abondo nunha sociedade como a nosa que non acaba de aceptarse a si mesma. O seu espírito inqueda e bulideiro levábo a posicionarse mesmo coas cuestións escabrosas da normativa. Crítico co modelo estándar actual, consideraba fundamental un achegamento léxico ao portugués que suplise dalgún xeito as carencias históricas do galego para elaborar un patrón culto que non bebese tanto nas augas do castelán.

Ademais disto tiña a súa propia idea sobre o galego que se debería empregar nos medios de comunicación nas diferentes comarcas. Foi polo ano 1996 cando discutía comigo sobre se o galego da prensa comarcal debía estar unificado ou ben presentar as solucións dialectais de cada zona. Lémbrome que estaba recén chegado dunhas xornadas sobre medios de comunicación, locais que organizara a Facultade de Ciencias da Información de Compostela, ás que asistira como convidado e que simpatizara coas teorías da profesora Carmen Hermida para manter os trazos lingüísticos propios de cada comarca. E alá me contaba a súa teima por achegarlle aos lectores do *Miñor* os acontecementos que se producían ao seu arredor máis próximo, cunha lingua que tamén lle fose o máis próxima posible.

Este era o obxectivo ao que el quería chegar, que xustifica por outra banda, na miña opinión, a existencia, e mesmo me atrevería a dicir o éxito destes medios locais.

Sen dúbida que a contribución de Nano Cambeiro no eido normalizador do idioma na prensa comarcal do Val Miñor sentou os alicerces para que o seu traballo durase polo menos, e como dicía Cunqueiro, mil primaveras máis.

Mª Xosé González

A LISTA DO NECESARIO.

Ter que falar dun amigo que se foi para sempre prodúceme un desasosiego que dificulta, aínda máis, a miña escasa e deformada capacidade de expresión literaria, só acesa para redactar un panfleto, unha moción, ou como muito unhas coplas de entroido, como aquelas tantas veces comparadas con Nano, e que a partir de agora xa non serán iguais, nin sequera sei se poderán ser.

E como quero fuxir de tópicos e afastarme das expresións valeiras, que nestes casos sempre acoden dispostas a "axudar", prefiro coller prestadas as palabras do poeta que mellor expresan, coa forza dos versos, aquela imaxe máis nítida que Nano proxectaba.

Coñezo a muitos que andan por aí coa lista
do que precisan.
Aquel a quen a lista é presentada di: é muito.
Mais quen a escribeu di: esto é o mínimo.
Pero hai quen orgullosamente amosa
a súa breve lista.

Bertolt Brecht.

Xenerosidade e compromiso, optimismo e lealdade; velaí a lista do necesario que levou consigo meu amigo Nano.

Antonio Araúxo.

O falecemento de Nano Cambeiro foi un revés inesperado, un feito desagradecido que me convida agora para zugar unhas verbas no seu recordo, agora que un é aínda demasiado novo para moitas cousas. Por exemplo para a vida, esa materia nunca superada que levamos unha e outra vez para a convocatoria de setembro, e para ese difuso oficio que é o xornalismo, unha manía enfermiza empeñada en tornar transparente o que de por si é escura arte de gobernar, aínda en democracia.

Esta profesión esixe tomar posición na balanza que se disputan gobernantes e gobernados, e confire tamén a capacidade de facer existir ou silenciar este ou aquel acontecemento, estes ou aqueles intereses. Hainos que escollen o beneficio rápido e tamén efémero, pero afortunadamente hai quen prefire a gloria cotiá do recoñecemento do igual. O MIÑOR, aquela cabeceira ilusionante que Nano Cambeiro dirixiu, viña traballar precisamente nesta dirección.

Así, Nano Cambeiro, fidel ó seu carácter obstinado e desinteresado, colocouse sempre e deliberadamente da parte dos gobernados, e quizás por iso fixo do xornalismo local algo máis que un oficio, trocándoo en vocación, en compromiso coa realidade máis próxima. Cambeiro non quixo comprometerse cos poderes locais, sabedor –por puro instinto– da falsidade que tingué toda conivencia co gobernante. Abofé que O MIÑOR, cabeza visible dun proxecto xornalístico máis amplo

que Nano edificou no territorio da ilusión, tería acadado o éxito na difícil tarefa de sobrevivir, pero a costa de traizoar os principios. E de principios sabía Cambeiro.

Recordar ó finado é sempre unha escolla, dobremente difícil, case un acto de prestidixitación no caso de Nano. Porque Cambeiro tivo dúas carreiras. A visible, na que algúns tivemos a oportunidade de participar. moi pouco, como aprendedores. nobre oficio cáseque non practicado hoxe en día, e a que el mesmo foi escribindo ás costas do mundo, a que dá medida exacta dos soños.


Iago Martínez

AMIGO INESQUECIBLE

Despois de escoita-las merecidas gabanzas vertidas ás ondas na túa memoria, cal homenaxe radiofónica, súmome a todas e a cada unha delas. Sinto hoxe a sensación aceda no espacio isolado trala pedra, transitado ata hai pouco por esa presenza vital que me envolvía. A fatal posibilidade – a grave enfermidade ameazaba- era irracionalmente negada por quen, sabedor do risco, temía a traidora puñalada do destino. Tan poucos momentos de vivencias compartidas... e nembargantes fica a impresión de coñecerte de sempre, o que acontece soamente cos infrecuentes espíritos modestos enchidos de silandeira grandeza.

Non hai moito, tentando configurar unha narración, pouco pretenciosa, que ía versar sobre imaxinarios homes de mar, recorrín a ti para documentarme sobre a terminoloxía mariñeira. De contado, proporcionáchesme máis do que precisaba. O protagonista do relato foise erguendo coma un heroe no que corrían unha morea de virtudes; cheguei a consideralo valente, xeneroso, sensible, intelixente e tenro -¿quen dá máis?-. Un heroe anónimo do noso tempo, coma ti, de carne e óso, non de cartón pedra, de calidades que encadrarían axeitadamente na túa singular e irrepitible personalidade.

Alguén che atribuíu unha extraordinaria habilidade: a de xuntar vontades individuais e ideas dispersas conducíndoas a bo fin, difícil tarefa nesta terra tan pouco asociativa. O transixente ollar falaba da grande capacidade conciliadora; e as lucentes meniñas reflectían soños e utopías. Impulsor sociocultural nun val de acollida, confirmaches unha vez máis o dito popular: "o impor-



Autógrafo do Premio Nobel Saramago dedicado a Nano Cambeiro

tante non é o lugar no que se viva, senón que o lugar viva nun", e deixaches proxectos dignos de seren retomados. Sentiríaste satisfeito se así fose, e seguirías a crer na maioría incrédula que te arrodeaba.

Palabra xusta, acertado consello, comedimento e reflexión pausada para contaxiar conveniente bonhomía. Pero, seguindo a regra, o recoñecemento é póstumo... Vexo aínda esa auréola de ledicia alumeando as monótonas mañás, acochando a tristura comprensible, e comprendo a difícil tarefa de ser persoa. Persoa digna de admiración e respecto, coma ti, Nano.

LAÍDO POR NANO

Todo quedou -e nada- nas adegas
do navío desbordado.

No singrar fatigoso e pracenteiro
sen alardes
a elevada modestia dun pai maior
que mira a rentes da cuberta calada e sufridora.

Poucos houbo -e poucos hai- do teu talante.
Conciliadores ollos tenros
que interrogan efémeros o eterno inexplicable.
Fasquía sen malicia que anuncia canto esconde.
Xeneroso peito inxustamente feble.

¿Quen sabe das indescifrables razóns
fráxiles corazóns entregados?

Unha puñalada adentrouse traidora
tralo derradeiro latexo
compañeiro inesquecible.
E agora a propia víscera fendida clama
aterida en mar hostil
en isoladas augas.

Xosé M. Brea Feijóo

Lembro..., foi nun descanso entre clase e clase cando te coñecín. Tomando un café. Aquelas túas esporádicas visitas convertéronse nunha pequena ledicia que permitía romper a monotonía da mañá escolar e abrir a porta da imaxinación.

Lembro..., aos poucos, fomos trabando relación. Ti, xa sabes, facíaste querer. Un día falamos dun cativoiro traballo sobre os pazos do Val que fixeramos un grupo de profesores do IES "Escolas Proval". De seguida topaches acomodo para el. Ías publicar unha ou dúas fichas en cada número do Miñor e así o fíxeches. Era daquela maio de 1996. Ata que deixaches de publicar aquel fermoso "O Miñor de cada casa" seguiron saíndo puntualmente aquelas fichas do noso traballiño. Agora, ao repasar as follas do teu xornal, acoden as lembranzas. Repaso as páxinas de todos os números que ordenaches en colección e me entregaches para que un día se gardasen no Arquivo de Documentación do Instituto de Estudos Miñoranos. Nano, un día estarán nel, e a colección completa do "Miñor" será o primeiro documento dese Arquivo. Como un día haberá algúns da túa caste que retomen a fermosa realidade de prensa comarcal que foi "O Miñor", mesturado co teu adiantado proxecto radiofónico.

Lembro..., o interese polos xornais de Baiona de comezos de século. Alá andabamos dándolle voltas ás páxinas mareladas. Soubemos de Xosé María Barreiro, incansable animador da prensa local, emigrante no Uruguai por non admitir unha condena ao exilio, de novo fundador dos xornais, activista cultural. Coma ti, Nano, deixounos novo, cando máis prometía. ¡ Sempre nos deixan os mellores! O xornalismo miñorano de comezos do século XX foi Xosé María Barreiro; o de remate do mesmo foi Nano Cambeiro.

Lembro..., foi contigo cun dos primeiros que falei de necesidade dunha entidade cultural que mesturase divulgación e investigación. Lembro que a túa resposta entusiasta, coma sempre, foi: "eso hai que facelo". Pasaron os meses, tomamos máis "cafeses" e aquilo foi madurecendo.

Lembro..., era outono, cara finais. Nun local do ISM de Panxón quedou constituído formalmente o Instituto de Estudos Miñoranos. Alí estaba o Nano entusiasmado. Falando da revista que deberíamos editar e á beira dunha gamela que tiñan na entrada da necesidade dun museo etnográfico, ou do mar, ou do que fose, nun Val Miñor que quere vivir do turismo pero non sabe completar os seus atractivos.

Lembro..., Nano. Lembro...

Posdata: Ah, Nano, queríache dicir que dentro duns días sairá a Revista de Estudos Miñoranos.

Carlos Méixome Quinteiro

NANO, SEMPRE

Coñecinte, un día xa arredado, cando aterraches, no senso de pór os pés na terra, no Val Miñor. Viñeches cun feixe de proxectos periodísticos e creativos, onde as liñas mestras de todos eles eran a información obxectiva, a liberdade, a conciencia crítica, o sentimento de País...

Chegaches ó Val Miñor, unha bisbarra só desenvolvida no turismo, desenvolvemento turístico

daquela maneira, e axiña te decataches de que existían unhas institucións propias e con vida que podían ser as bases para o desenvolvemento harmónico da zona. Eran as comunidades de montes.

Daquela, NANO, convertícheste nun entusiasta colaborador do quefacer diario e dos proxectos das comunidades de montes do Val Miñor. Deste xeito, e entre cafés e falas, participaches como un veciño-comuneiro máis no Primeiro Congreso Galego de Comunidades de Montes, na Asemblea Constituínte da Organización Galega de Comunidades de Montes, no estudio para o aproveitamento do gando nos montes do Val Miñor, no proxecto do aproveitamento da biomasa forestal nos montes do Val Miñor... Proxectos e feitos nos que se nós, os veciños comuneiros, puñamos moita ilusión, ti non puñas menos.

Pouco dado a facer gabanzas, soamente che digo:

NANO, pioneiro de tantas cousas.

NANO, sempre.

Xosé Alfredo Pereira Martínez

Souben de Nano Cambeiro en terras de Santiago, a través dun amigo seu que eu tamén coñecía. Naquel tempo, Xe Freire pedíame que enviase algún poema para "O Miñor", e así foi como, a través da escrita, vin coñecer a Nano Cambeiro. Anos máis tarde, chegamos a ser veciños e admiroume nel a súa personalidade extravertida e a súa capacidade de entrega, a súa implicación no que estivese a facer, tan grande que chegaba a esquecer a súa propia persoa.

En memoria de Nano Cambeiro

E como se pasase por nós
moi, moi próxima,
soprándonos suavemente nas orellas
para provocar un arreguizo real,
tan real como as bágoas que nos provoca.
E como se fose nosa,
por iso a sentimos máis,
non está lonxe na idade
nin no espacio,
está aquí
a rente nosa
tan próxima,
tan pegada,
tan tanxíbel e real.

Marta Dacosta

